



## NOTA INFORMATIVA DO III CURSO SUPERIOR ADMINISTRACION ELECTRÓNICA

### Desenvolvemento

O curso realizarase na Escola Galega de Administración Pública, rúa Madrid, 2-4, As Fontiñas, 15707, Santiago de Compostela, entre o 24 de abril e o 12 de xullo de 2013.

A súa duración será de 114 horas, das que 84 serán teóricas e 30 prácticas. A modalidade de impartición será mixta, contando cunha parte presencial do 32% e unha a través de teleformación do 68%.

A parte presencial do curso consistirá na asistencia á xornada inaugural e ás conferencias plenarias que terán lugar a razón de unha por cada un dos módulos nos que se estrutura o curso. Estas conferencias serán impartidas por profesionais de contrastada traxectoria nacional e internacional, sendo de obrigada asistencia para os alumnos do curso e abertas ao resto de traballadores das Administracións públicas galegas.

### Estrutura do curso

Duración: 12 semanas (semana do 22 de abril – semana do 8 xullo)

- Módulo 1 (3 semanas): semana do 22 de abril á semana do 6 de maio
  - Sesión maxistral (inauguración curso) mércores, 24 de abril. Pablo García Mexía
- Módulo 2 (3 semanas): semana do 13 de maio á semana 27 de maio
  - Sesión maxistral: mércores, 15 de maio. Rafael Millán Calenti
- Módulo 3 (6 semanas): semana do 3 de xuño á semana do 8 de xullo:
  - Sesión maxistral: mércores, 12 xuño. Francisco García-Morán.
  - Sesións presenciais prácticas: luns e mércores do 5 xuño ao 10 xullo, a razón de tres horas por sesión

### Dirección

Fernando Suárez Lorenzo. Presidente do Colexio Profesional de Enxeñaría en Informática de Galicia